



Concello de Xinzo de Limia

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE CINCO (5) PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA

EXPEDIENTE: 785/2023

ANTECEDENTES:

Á vista da concesión da subvención da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade para a contratación temporal de 5 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2023, para o servizo de Recollida do Lixo ao abeiro da Orde do 09 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR351F) (DOG nº 22 do 01 de febreiro de 2023).

Visto que se ben en anos anteriores a selección era realizada por un grupo mixto, no presente ano a selección será a cargo do Concello, se ben acudirá á selección unha representante do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Co fin de cumprir coas condicións expostas no artigo 13 da Orde da convocatoria da dita subvención no que á selección das persoas traballadoras se refire.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que figuran como anexo I desta resolución, para a contratación temporal de 5 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, para a realización do servizo denominado RECOLLIDA DO LIXO, ao 75% da xornada laboral, por un período de 9 meses.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto os puntos terceiro e quinto do decreto de data 03/05/2023, nos que se designaba ós integrantes do grupo mixto.

TERCEIRO. Indicar que a composición nominal dos membros do Tribunal cualificador





Concello de Xinzo de Limia

axustarase ao disposto no texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/20215, de 30 de outubro, e estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a.- Dona Elena Feijoo Rodríguez, traballadora Social.

Primeiro Vogal.- Dona Ana Pereira Fortes, encargada do Departamento de Persoal.

Segundo Vogal.-Don Ángel López Alonso, encargado da brigada de Medio Ambiente.

Terceiro Vogal.-Dona Sara Fernández Camino, técnica superior do equipo de Inclusión Sociolaboral do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar.

Secretario/a.- Dona Begoña López Castillo, traballadora Social.

O Tribunal no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros sendo necesaria a presenza de Secretario e Presidente. En caso de ausencia de presidente ou de Secretario, as súas funcións poderán ser asumidas polos vogais, en orde de prelación. Os membros deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo con sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

CUARTO: Indicar que o proceso de selección terá lugar o día 15 de maio no salón plenario municipal a 9:00 da mañán.

QUINTO. Dar conta deste Decreto ó Plenario Municipal na vindeira sesión que este celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE CINCO (5) PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA

1. Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto regular un procedemento para a selección e contratación de 5 persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras de RISGA, para o servizo denominado Programa de LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS de conformidade coa Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia – RISGA (DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023).

2. Características do contrato de traballo

A modalidade contractual será a de persoal laboral temporal, coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, a tempo parcial do 75% da xornada habitual, sendo a duración do contrato de 9 meses.

Postos: 5 peóns para o servizo denominado “ Programa de LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS”

3. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder tomar parte na presente convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, os seguintes requisitos:





Concello de Xinzo de Limia

- Ter nacionalidade española, ser perxuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Estar desempregada e inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, así como disponibles para o emprego.
- Ser perceptor/a da renda de integración social de Galicia (RISGA).
- Ser convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia: figurar na sondaxe remitida pola Oficina de Emprego de Xinzo de Limia correspondente á oferta pública de emprego presentada polo Concello de Xinzo de Limia.

4. Remisión de candidatos/as

De conformidade co artigo 13.e) da Orde do 9 de xaneiro de 2023, de referencia, para a selección de aspirantes o Concello de Xinzo de Limia solicita os traballadores e traballadoras mediante a presentación na oficina de emprego de oferta de emprego específica





Concello de Xinzo de Limia

do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga. A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por dito organismo, non sendo admitido/a ningún candidato/a que non sexa preseleccionado/a e convocado/a polo Servio Público de Emprego.

5. Sistema selectivo

Remitida a relación de persoas aspirantes así como os currículum vitae de todas elas por parte do Servizo Público de Emprego, serán convocados pola entidade promotora e/ou pola oficina de emprego para a realización do proceso selectivo, que realizarase mediante o desenvolvemento das seguintes fases:

a) Primeira fase: entrevista persoal (máximo 6 puntos).

Consistirá na realización dunha entrevista persoal dos candidatos para os efectos de valorar a súa predisposición (actitude, motivación) para o desenvolvemento do posto de traballo que se lle oferta, o currículo e as competencias (aptitude, capacitación e idionidade) para dito desenvolvemento, así como a empregabilidade das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego. A tal efecto o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar dita predisposición e as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto.

b) Segunda fase: valoración de criterios sociais . (máximo 4 puntos).

Dado o programa do que se trata (contrato temporal de fomento do emprego para desempregados perceptores da Risga), o colectivo ao que vai dirixido e as características especiais de dito colectivo, nesta segunda fase farase unha valoración dos criterios sociais establecidos no art. 13.d) da Orde de referencia.

Os criterios valorables será os seguintes:

- A. Ter asignado un proxecto de inserción laboral: 1 punto.
- B. Idade: maior de 45 anos: **1 punto.**
- C. Cargas familiares (entendendo como tales os fillos menores de 18 anos e/ou fillos maiores de idade con discapacidade, ao seu cargo, que convivan no domicilio do





Concello de Xinzo de Limia

aspirante): puntuarase 0,50 puntos por cada fillo/a, ata un máximo de 2 puntos.

A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na entrevista persoal e na valoración dos criterios sociais. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a:

- 1º. Maior puntuación nos criterios sociais de preferencia.
- 2º. Maior puntuación na entrevista.
- 3º. No caso de persistir o empate resolverase a favor do aspirante con maior tempo de permanencia en situación de desemprego.

Esta puntuación final será a que determine a orde de prelación da lista.

6. Tribunal Cualificador

A selección das persoas que se contrate será realizada por un tribunal cualificador que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

7. Proposta do Tribunal cualificador.

1. Finalizada a fase de entrevista e a valoración dos criterios sociais, o Tribunal fará pública as puntuacións dos aspirantes do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web da Concello de Xinzo, coa cualificación acadada por cada un deles/as.
2. As persoas candidatas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas. Transcorridos eses dous (2) días hábiles, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a acta final de selección.
3. O Tribunal elevará á Presidencia do Concello esta relación propoñendo a contratación dos cinco (5) candidatos/as que obtiveran a maior puntuación final.

8. Contratación.

A Presidencia resolverá a contratación das persoas aspirantes propostas polo Tribunal cualificador.

Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocados para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata que lle siga na orde de puntuación.





Concello de Xinzo de Limia

9. Incidencias.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

10. Publicidade do proceso selectivo.

Poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal, na páxina web do Concello de Xinzo de Limia - e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

11. Réxime xurídico

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

RECURSOS: Contra este resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía de este Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que Vde. estime máis procedente e sexa conforme a dereito.





Concello de Xinzo de Limia

DECLARACIÓN XURADA REQUISITOS XERAIS

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello de Xinzo de Limia, para a contratación de cinco (5) persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras de RISGA, para o servizo denominado PROGRAMA DE LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS.

DECLARA:

- Reunir os requisitos sinalados nas bases reguladoras do proceso de selección, que declara coñecer.
- Ter nacionalidade española, ser perxuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Estar Inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupado/a
- Ser perceptor/a da renda de integración social de Galicia (RISGA).

Así mesmo, AUTORIZA á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Xinzo de Limia a _____ de _____ de 2023

Asdo. (sinatura)





Concello de Xinzo de Limia

DECLARACIÓN XURADA. CRITERIOS SOCIAIS.

DON/A: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección da Concello de Xinzo de Limia, para a contratación de cinco (5) persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras de RISGA, para o servizo denominado Programa de Limpeza e mantemento de espazos públicos.

DECLARA:

1. **Por cargas familiares:** (Valorarase ata un máximo de 2 puntos)
 - N° de fillos menores de 18 anos e/ou fillos maiores de idade con discapacidade, ao seu cargo, que convivan no domicilio do aspirante.....

2. Que ten asignado un proxecto de inserción de carácter laboral:
SI NON (valorarase ata un máximo de 1 puntos)

3. **Idade-** Que ten _____ anos de idade. Data de nacemento:.....
- Máis de 45 anos.....1 punto.

Así mesmo, AUTORIZA á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O Concello de Xinzo de Limia reservase a facultade de comprobar ou requirir a documentación oportuna para comprobar a veracidade da presente Declaración Xurada

DATA: _____

ASINADO: _____

Información sobre protección de datos:

Responsable do tratamento: Concello de Xinzo de Limia.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública.

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante o Concello de Xinzo de Limia, concello@xinzodelimia-ayto.com





Concello de Xinzo de Limia

DECLARACIÓN XURADA DE REXEITAMENTO PROCESO SELECTIVO

DON/A: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO: _____

En relación ao proceso de selección promovido polo Concello de Xinzo de Limia e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a contratación temporal de cinco (5) persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, para a realización do servizo denominado LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS, ao 75% da xornada laboral, por un período de 9 meses, no que fun incluído mediante oferta pública de emprego nº _____, de forma oficial e pública

DECLARO:

- Que, mediante este escrito, **RENUNCIO** a presentarme ao posto de traballo referenciado, debido á/s seguinte/s causa/s (marque a/s causa/s que lle corresponda/n):
 - Incumprimento dos requisitos mínimos.
 - Problemas médicos.
 - Cargas familiares incompatibles co horario e/ou condicións deste traballo.
 - Participación en formación incompatible co horario e/ou condicións deste traballo.
 - Xa seleccionado/a para outro posto de traballo.
 - Pendente doutro posto de traballo.
 - Outros (especifique):
- Que, baixo a miña responsabilidade, acepto as posibles consecuencias que poidan derivarse desta renuncia.
- Que, de solicitalo así algún dos organismos públicos con competencia neste expediente, presentarei a documentación acreditativa correspondente.

Vistos estes antecedentes, é polo que **SOLICITA:**

- Que se teña por presentada esta declaración xurada como rexeitamento oficial para optar ao proceso selectivo convocado.

DATA: _____

ASINADO: _____

Concello de Xinzo de Limia, rúa Curros Enríquez núm. 15 32630 Xinzo de Limia (Ourense).

